



EDITA
Concello de Parada de Sil
COORDINACIÓN DO PROXECTO
Juanjo García Rodicio
AGRADECIMENTOS
Fundación Laya, Jorge Morales e Lois Pardo
DISEÑO E MAQUETACIÓN
Miel&Limón Estudio Gráfico



CONCELLO DE PARADA DE SIL


Praza do Campo da Feira Nº1
32740 Parada de Sil (Ourense)
T. +34 988 208010 . www.paradadesil.es

« PARA SABER MÁIS DO XOGO DE BOLOS »
www.paradadesil.es . www.ourososilac.org . Fundación Laya



PARADA DE SIL
mantén vivo o seu singular

« XOGO DE BOLOS »



*Y es que el juego de los bolos
distintivo de mi aldea
tan solo en la Carreiraña
tiene toda su belleza.*

*...Carreiraña tan gallarda,
por tu gracia y tu beleza
eres lugar preferido
de los jóvenes de mi aldea.*

— PARADA DE SIL —

« OS BOLOS MANTEÑEN A SÚA SINGULARIDADE EN PARADA DE SIL »

O bolo é un xogo universal, practicado na maior parte das comunidades culturais europeas, con diversos nomes, materiais e normas. O que aquí che presentamos probablemente ten a súa orixe a finais da Idade Media en Parada de Sil. Por mor do illamento que tiña esta zona, este xeito singular de xogalo sobreviviu xeración tras xeración en diferentes lugares do municipio.

A súa práctica viuse tristemente interrompida o século pasado nos anos de maior emigración, pola ausencia de mozos que puidesen xogalo; había que procurar a mantenza noutras latitudes.

Hoxe, en Parada de Sil sentímonos orgullosos de poder relanzar este patrimonio lúdico e sentimental que representa un dos nosos sinais de identidade.

O xeito de xogar aos bolos, definida na entrada do Dicionario de Autoridades da RAE arredor de 1730, era casa idéntica a este xogo de Parada de Sil:


*«Juego bien conocido en España que consiste en poner sobre el suelo **nueve** bolos derechos, apartados entre sí como una cuarta, y a veces menos, y formando **tres hileras** igualmente distantes, y más adelante se pone otro que se llama diez de bollos: y, tirando con una bola desde una raya que señala, gana lo que derriba **como pase del diez, porque si se queda** antes, es cinco y aunque haya derribado bolos, no los cuenta; y desde el paraje donde pasan las bolas se **birra después**».*

Esas filas aquí forman un rombo en cruz ou diamante.

Cada bolo do grupo vale 1, e o máis afastado, chamado Belbas, 4.

Se a bóla queda antes desa marca, nós dicimos que «cuchou».

A distancia da raia de tirada antes era acordada con anterioridade cando se botaban ás sortes a man e a bóla de inicio. Outra singularidade é que xogamos con dúas bólas desiguais, que intercambiamos na metade do xogo (50 ou 30), para compensar a sorte inicial.



« UN SINXELO XOGO QUE PERMANECEU NA MEMORIA ORAL »

Era o entretemento de toda a mocidade e maiores. Un xogo vibrante, que permite a rexouba e o pique; motivo de festa, xerando fraternidade na xente.

Os seus materiais son confeccionados a man, e as bólas, ás veces, a torno; cunha aparencia rústica, cotiá, sen acabados industriais.

A memoria oral deixounos herdanza dun xogo que, como ben saberás, noutros lugares tense sofisticado (bolo leonés) ou reducido bastante (bolo USA).



Pola memoria dos maiores temos noticia de que alguén compuxo uns versos a principios do S. XX dedicados ao xogo dos bolos e ao lugar de xogo en Caxide:

*«Carreiriña tan gallarda,
por tu gracia y tu belleza
eres lugar preferido
de los jóvenes de mi aldea».*

*...«Y es que el juego de los bolos
distintivo de mi aldea
tan solo en la Carreiriña
tiene toda su belleza».*

Xa só as persoas máis maiores coñecen os espazos onde antigamente se xogaba, en todas as aldeas do Concello de Parada. En moitos lugares aínda existe o *Camiño dos Bolos*. As xentes do pobo de Parada xogaron ata en catro sitios distintos.

« O XOGO CONSERVA UN PATRIMONIO LINGÜÍSTICO PROPIO »

Existe unha lingua propia dos traballadores ambulantes desta zona da provincia de Ourense (barquilleiros, afiadores, mulateiros...), chamado Barallete. Curiosamente o bolo máis afastado chámase «Belbas», que en Barallete significaría «Garda Civil».

A palabra «cuchar» e «lornia», tamén son termos propios empregados no xogo. Os últimos tantos son «as boas», (porque levan a gañar a quen leva a man), e as primeiras, «as malas».

*...«¡Cuánta emoción! ¡Cuántas risas!
hay hecha, noble contienda,
nunca se enfadan en serio,
compiten, mas con nobleza».*

(RECOLLIDA EN CAXIDE)